BASES DO CONCURSO «ASISTE Á GALA FEROZ 2027»

FEROZ 2027 PONTEVEDRA

1. Obxecto do concurso

O Concello de Pontevedra pon en marcha o concurso «Asiste á Gala FEROZ 2027», unha iniciativa destinada a fomentar a participación nas actividades previas á celebración dos Premios Feroz 2027 en Pontevedra e a achegar a cidadanía a esta destacada cita do audiovisual.

2. Como participar

Para participar no concurso, as persoas interesadas deberán recoller o seu pasaporte de participación na caseta municipal de Turismo de Pontevedra e obter un selo por cada actividade previa dos Premios Feroz 2027 á que asistan.

O pasaporte será nominal e intransferible, e deberá cubrirse cos datos identificativos solicitados. Cada persoa poderá dispoñer de varios pasaportes de participación, que deberán estar debidamente cubertos e contar cos selos correspondentes ás actividades ás que asistise.

Os selos deberán solicitarse ao persoal responsable ao inicio de cada actividade e incorporarse ao pasaporte correspondente.

Para optar aos premios, será necesario presentar o pasaporte ou os pasaportes debidamente selados na Oficina de Turismo Municipal de Pontevedra, ata o **11 de xaneiro de 2027**, incluído.

3. Premios

Concederanse os seguintes premios ás persoas participantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases:

- **10 entradas dobres para asistir á cea-gala dos Premios Feroz 2027 en Pontevedra**, cada unha delas válida para a persoa gañadora e acompañante.
- **10 entradas dobres para asistir como público ás bancadas dos Premios Feroz 2027 en Pontevedra**, cada unha delas válida para a persoa gañadora e acompañante.

En primeiro lugar, asignaranse as 10 entradas dobres para a cea-gala e, unha vez completada esta adxudicación, asignaranse as 10 entradas dobres para asistir como público ás bancadas.

As entradas estarán suxeitas ás condicións de acceso e organización establecidas pola entidade organizadora do evento.

4. Requisitos de participación

Poderán participar no concurso as persoas que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e presenten o seu pasaporte dentro do prazo indicado.

Non poderán participar no concurso nin resultar beneficiarias dos premios as persoas menores de 16 anos. As persoas menores de idade que asistan acompañadas do seu pai, nai ou representante legal non precisarán autorización expresa. No caso de que asistan sen a compañía destes, deberán presentar unha autorización asinada polo seu pai, nai ou representante legal, que deberá entregarse á organización antes do acceso ao recinto.

5. Presentación dos pasaportes e orde de entrega

Os pasaportes deberán entregarse na caseta municipal de Turismo de Pontevedra, ata o **11 de xaneiro de 2027**, incluído.

A organización rexistrará a orde de recepción dos pasaportes, que se terá en conta para resolver posibles empates no número de selos.

Non se admitirán os pasaportes entregados fóra do prazo establecido nin aqueles que non cumpran as condicións de participación.

Recoméndase realizar unha fotografía do pasaporte no momento da súa entrega, de xeito que quede constancia da data e da hora, para os efectos de acreditar a orde de recepción.

6. Selección das persoas gañadoras

A organización comunicará o resultado ás persoas gañadoras mediante chamada telefónica, mensaxe SMS ou mensaxería instantánea, ao número de teléfono facilitado no pasaporte de participación.

As persoas gañadoras disporán dun prazo de 48 horas desde o envío da comunicación para responder e confirmar a aceptación do premio. A aceptación deberá quedar rexistrada por escrito, mediante resposta á mensaxe enviada pola organización.

Se, transcorrido o prazo establecido, a persoa gañadora non respondeu nin confirmou a aceptación do premio, ou se renuncia expresamente a este, perderá o dereito a obtelo e o premio asignarase á seguinte persoa da clasificación.

A organización deixará constancia dos intentos de contacto realizados, das comunicacións enviadas e das respostas recibidas. Así mesmo, informará as persoas gañadoras sobre o procedemento de entrega das entradas e as condicións para desfrutar dos premios.

7. Aceptación das bases

A participación no concurso implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

A organización resérvase o dereito de resolver calquera cuestión non prevista expresamente neste documento, de acordo coa normativa aplicable.

Información sobre Protección de Datos Persoais (RXPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

Responsable do tratamento	CONCELLO DE PONTEVEDRA (P3603800H)
Finalidade do tratamento	Xestionar a participación no concurso, comprobar o cumprimento das bases, contactar coas persoas gañadoras e organizar a entrega dos premios. Así mesmo, no caso de resultar gañadoras, publicar os seus datos identificativos nos medios e canles de comunicación do Concello, co fin de dar a coñecer os resultados do concurso. A gala será gravada e emitida, polo que tamén se poderán captar e difundir a imaxe e a voz das persoas participantes e asistentes.
Lexitimación para o tratamento	Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1 a) do RXPD) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1 e) do RXPD).
Destinatarios dos datos	As administracións públicas e a entidade organizadora dos Premios Feroz, no exercicio das súas competencias e cando sexa necesario para a xestión da participación no concurso. As imaxes e voces captadas durante a gala poderán difundirse a través das canles de comunicación nas que se emita ou publique a gravación, incluídos, se procede, a páxina web e os perfís oficiais do Concello nas redes sociais.

Prazo de conservación	Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do responsable.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica. Así mesmo, as persoas interesadas teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).Máis información na sección: Dereitos sobre Protección de Datos.
Contacto delegado de protección de datos e información adicional	dpd@pontevedra.eu



FEROZ 2027 PONTEVEDRA

Concello de Pontevedra